

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

DECRETO NÚMERO 17003719 DO 27/04/2017

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Instruído o expediente relativo a: Instruído expediente relativo a: **CONTRATACION DA EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE (LOTE1) E DE EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE (EXP.22-2017). APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN**

Examinado o expediente e vistos:

1.-Informe-proposta do Servizo de Contratación, de data do 27 de abril de 2017, obrante no expediente, na parte expositiva da cal se fai consta-lo seguinte:

“ANTECEDENTES

I. Informe proposta da sección de cultura do Concello do día 19 de abril de 2017 da necesidade da contratación destes traballos e xustificativo da non concorrencia para a súa contratación.

II. Certificado de existencia de consignación na aplicación 33000.22699 do vixente Orzamento Xeral (RC 34036/17) por importe de 48.884 euros.

III. Prego de cláusulas administrativas particulares e correspondente informe-proposta que rexerá na contratación destes servizos redactado polo servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello con data 21 de abril de 2017.

IV.- Informe favorable de Asesoría Xurídica de data 25 de abril de 2017

V.- Informe ref. 205/2017 de data 27 de abril de 2017 da Intervención municipal favorable se ben cunha serie de condicionantes.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 30/2007, de contratos do sector público).*
- *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).*
- *Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.*

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

PRIMEIRA. O artigo 20 do TRLCSP refírese ós contratos privados celebrados pola Administración sinalando que terán esta consideración os celebrados por unha Administración Pública que teñan por obxecto “servizos comprendidos na categoría 6 do Anexo II, a creación e interpretación artística e literaria ou espectáculos comprendidos na categoría 26 do mesmo anexo e a subscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos...”.

SEGUNDA. O artigo 20 do TRLCSP establece o réxime xurídico dos contratos privados, sinalando que estes contratos “rexeranse en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, pola presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda en razón do suceso ou entidade contratante. En canto ós seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado”.

O artigo 170.d) establece como un suposto para a utilización do procedemento negociado cando “por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só poda encomendarse a un empresario determinado”.

En base a todo o anterior propónse a utilización do procedemento negociado sen publicidade nestes contratos artísticos tendo en conta o sinalado no informe emitido pola sección de cultura do Concello de data 17 de abril de 2017, polo que procede invitar exclusivamente ás mercantís que representan aos artistas que se pretenden contratar:

Para o LOTE 1: ASOCIACION PARA LA RECUPERACIÓN DE LA MEMORIA HISTÓRICA (ARMH) por ser a única asociación que existe no territorio nacional especializada no estudo e na investigación, recopilación e divulgación de feitos relacionados coa etapa entre o levantamento golpista do 36 e a represión da posguerra (1939-1946)

Para o LOTE 2: XESCULTURA S.L. por ser empresa especializada en comisariado de exposicións e que ten a representación exclusiva dos artistas seleccionados.

TERCEIRO.- Á vista do informe da intervención no que se realiza unha serie de condicionantes - entre eles manifesta a dúbida de se o contrato inclúe a exposición cos traballos previos xa rematados ou ben se se inclúe as tarefas descritas (entrevistas, localización, traballos de investigación) que faría inviable neste momento o contrato á vista da data de inicio previsto - é preciso aclarar que o contrato inclúe só os traballos da exposición propiamente ditos (deseño, coordinación, produción e montaxe) sen prexuízo de que previamente a contratista tivese que realizar os traballos previos necesarios pero que non son obxecto do contrato. Procede, en consecuencia, modificar a cláusula primeira dos pregos.

CUARTA. O prego elaborado para disciplinar estes contratos en canto á súa preparación e adxudicación recolle as esixencias legais e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Propónse nun único acto administrativo a aprobación da contratación, dos pregos de cláusulas administrativas particulares, do gasto, do procedemento de adxudicación e o requirimento de documentación ás empresas participantes neste procedemento, en base ós seguintes motivos:

- As especiais características deste tipo de contratos artísticos fan que por parte dos servizos municipais redactores da parte técnica (Concellería de Cultura) deba realizarse unha consulta previa ao mercado para comprobar a dispoñibilidade para a realización das exposicións coas esixencias e características definidas polo servizo previamente así como o custo económico, o que implica que xa con carácter previo ó inicio da tramitación do expediente de contratación se coñezan tanto aos artistas e ás empresa coa que se realizará o contrato así como as condicións deste.

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓNS VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

Neste senso no informe de Cultura de 19 de abril indícase que se tiveron diversas reunións cos representantes destas empresas para perfilar as exposicións así como os orzamentos negociándose posibles minoracións sendo así que os ofrecidos están xa axustados de modo que unha rebaixa suporía unha merma na calidade dos traballos.

*- Tanto a Constitución como a Lei 30/1992, no seu artigo 3 establecen a **eficacia** como un dos principios esenciais da actuación das administracións públicas. Igualmente, o artigo 75 da mesma lei sinala que “se acordarán nun so acto tódolos trámites que, pola súa natureza admitan unha impulsión simultánea e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo”.*

Polos mesmos motivos se tramita nun único procedemento a contratación dos dous artistas xa que a documentación a requirir e as condicións do contrato son idénticas para todos.

QUINTA. *En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual. Por acordo da Xunta de Goberno Local num. 13/150 de 22 de marzo de 2017 delegouse esta competencia na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua”*

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprogado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local núm 13/150 en sesión celebrada o día 22 de marzo de dos mil 2017, no que se aprobou a delegar a favor da Tenente de Alcalde da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite ou resolutivos dos expedientes administrativos de contratación relativos ás exposicións temporais e permanentes con motivo da inauguración do edificio do Vello Cárcere, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACION DA EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE (LOTE1) E DE EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación sinalada no parágrafo anterior sendo o teor literal do prego o seguinte:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACION DA EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE (LOTE1) E DE EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE (EXP.22-2017)

PRIMEIRA. OBXECTO DOS CONTRATOS

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CÁRCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

É obxecto deste prego a contratación das seguintes exposicións no Centro Sociocultural O Vello Cárcere que a continuación se indican:

LOTE 1: EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE

consistente no deseño, coordinación, produción e montaxe da dita exposición permanente. O contrato inclúe a montaxe e desmontaxe posterior (para o traslado a outra zona do Vello Cárcere) así como a xestión da cesión do material expositivo con arquivos e familiares.

Este exposición é o resultado de traballos previos de investigación sobre a memoria do cárcere, localización de material expositivo, entrevistas a familiares das vítimas, elaboración dos textos expositivos e dos contidos da exposición.

LOTE 2: EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA”

consistente no deseño do percorrido e deseño expositivo, creación dos textos de sala e imaxe gráfica, selección e coordinación dos artistas, produción e montaxe e desmontaxe da dita exposición temporal colectiva do espazo de divulgación artística.

Este exposición inclúe unha escolma dos mellores artistas contemporáneos co encargo de realizar unha serie de obras que reinterpreten a intrahistoria do cárcere. Os artistas son Clemente Bernard, Mónica Alonso, Patricia Gómez e María Hesús González, Jorge Varela, Jérémy Pajeanc, Carlos Maciá, Tatiana Medal Francesch, Carlos Rodríguez Méndez, Misha Bies Golas, Ramón Mateos; Iván López e Pablo España e Pedro G. Romero

Os mencionados contratos encádranse na seguinte codificación:

CPV 92312200-3 Servizos proporcionados por autores, compositores, escultores, artistas do espectáculo e outros artistas que traballan individualmente

Consta en informe de Cultura de data 19 de abril de 2017 a necesidade e conveniencia da contratación destes traballos unha vez inaugurado o Centro Sociocultural Vello Cárcere como un Centro de Divulgación Artística.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DOS CONTRATOS.

Trátase de contratos privados, recollidos e regulados no artigo 20 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e que teñen por obxecto a contratación mediante lotes separados de dúas exposicións no Vello Cárcere, isto é: LOTE 1: EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE consistente no deseño, coordinación , produción e montaxe da dita exposición permanente e LOTE 2: EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” consistente no deseño, coordinación,

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

producción e montaxe da dita exposición temporal colectiva do espazo de divulgación artística.

O artigo 20 do TRLCSP refírese ós contratos privados celebrados pola Administración sinalando que terán esta consideración os celebrados por unha Administración Pública que teñan por obxecto “servizos comprendidos na categoría 6 do Anexo II, **a creación e interpretación artística e literaria ou espectáculos comprendidos na categoría 26 do mesmo anexo** e a subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos...”.

Como contratos privados, rexeranse en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, polo TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento e en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 30/2007, de contratos do sector público).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.
- As restantes normas de dereito privado que lle sexan aplicables en canto ós efectos e extinción do contrato.

TERCEIRA.- LUGAR E PRAZO DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS.

As exposicións realizaranse no Centro Sociocultural Vello Cárcere.

A exposición permanente (LOTE1) terá lugar dende o 28 de abril ata o 5 de novembro de 2017 coincidente coa exposición colectiva temporal (LOTE 2) se ben a partir desta data procederase á desmontaxe da primeira (LOTE 1) para trasladar a dita exposición permanente a outro espazo do Vello Cárcere.

CUARTA. PREZO DOS CONTRATOS

4.1.- Os orzamentos máximos para a contratación son:

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

LOTE 1: EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE:

20.400 euros máis o 21% de IVE (4.284 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.684 euros.

LOTE 2: LOTE 2: EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA”

20.000 euros máis o 21% de IVE (4.200 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.200 euros.

4.2.- Existe consignación orzamentaria para a contratación destes traballos por importe total de 48.884 euros con cargo á aplicación orzamentaria 33000.22699 (RC 34036/17)

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. REQUISITOS DAS EMPRESAS.

En particular o artigo 170.d) establece como un suposto para a utilización do procedemento negociado cando *“por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só poda encomendarse a un empresario determinado”*. Á vista do informe da sección de cultura de 19 de abril de 2017 conformados pola concelleira delegada da área procede invitar exclusivamente ás seguintes empresas:

Para o LOTE 1: ASOCIACIÓN PARA LA RECUPERACIÓN DE LA MEMORIA HISTÓRICA (ARMH) por ser a única asociación que existe no territorio nacional especializada no estudo e na investigación, recompilación e divulgación de feitos relacionados coa etapa entre o levantamento golpista do 36 e a represión da posguerra (1939-1946)

LOTE 2: XESCULTURA S.L. por ser empresa especializada en comisariado de exposicións e que ten a representación exclusiva dos artistas seleccionados.

As empresas deberán contar con plena capacidade de obrar e non poderán estar incursas en prohibición de contratar.

De conformidade co artigo 11.5 do Real Decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, ao tratarse de contratos con valor estimado inferior a 35.000 euros non é obrigatoria a acreditación da solvencia económica e financeira e da acreditación da solvencia técnica e profesional. Non obstante empresas adxudicatarias deberán dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

SIXTA. GARANTÍAS.

Dada a natureza do contrato e as características dos posibles licitadores non se establecen garantías provisional nin definitiva para a contratación que regula este prego, de acordo co previsto no TRLCSP.

SÉTIMA. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN ACHEGAR OS CONTRATISTAS.

Para a contratación da actuación requírese que **a empresa invitada** achegue a súa proposición mediante **unha instancia ou escrito conforme ao modelo de ANEXO Á “PRESENTACIÓN DE PLICAS” que se achega ao final deste prego e que se acompañará DUN ÚNICO SOBRE** pechado, asinado polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, DNI/NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. **No sobre identificarase o número de expediente (EXPTE. REF. 22-2017):**

A documentación a incluír dentro do sobre é:

1.- Acreditativos da personalidade e capacidade que serán:

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Declaración responsable outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP (conforme ANEXO que se achega).

3.- Certificacións de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

5.- Acreditación da exclusividade dos dereitos da representación para a contratación dos artistas (escritura pública, contrato, etc.). Estas xustificacións de limitación da concorrência, que supoñen unha excepción as regras xerais da contratación, deben ser exhaustivas, recollendo de xeito preciso as circunstancias que concorren en cada caso concreto (exclusividade total, territorial, por datas, etc.).

6.-**OFERTA ECONÓMICA** que conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en representación de con DNI ou CIF nº, fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACION DA EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE (LOTE1) E DE EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE (EXP.22-2017)**

b) Propón como prezo do contrato:

LOTE 1 CONTRATACION DA EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE: euros máis o IVE (21%) - euros - facendo un total de euros IVE incluído. A cantidade consignarase en letra e número.

LOTE 2 EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE: euros máis o IVE (21%) - euros - facendo un total de euros IVE incluído. A cantidade consignarase en letra e número.

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓNS VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

OITAVA. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

A adxudicación de cada contrato será realizada polo órgano competente do Concello, unha vez presentada e aceptada a documentación requirida ao licitador e fiscalizada a proposta de adxudicación. No caso de non contar con toda a documentación requirida a adxudicación estará condicionada á presentación daquela.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase ás empresas adxudicatarias e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Unha vez cumpridos os trámites anteriores procederase á formalización dos correspondente contratos privados.

NOVENA. EXECUCIÓN DOS CONTRATOS.

1. Os contratos executarase con estricte suxeición ás estipulacións contidas no documento privado asinado polas partes e ás cláusulas estipuladas neste prego aprobado polo Concello.

2. Dada a natureza destes contratos, nos que as cualidades técnicas e persoais son determinantes para a súa adxudicación, os dereitos e obrigas dimanantes del non poderán ser cedidos a un terceiro.

2. Faise constar expresamente que os traballos obxecto destes contratos non son susceptibles de ser subcontratados polo contratista adxudicatario.

DÉCIMA. DEREITOS E OBRIGAS ESPECÍFICAS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

- O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ás condicións técnicas e demais aspectos contractuais.

- O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

- Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO PRIMEIRA. PAGAMENTO.

O pagamento realizarase unha vez rematada as exposicións (05.11.2017).

O pagamento realizarase previa presentación das correspondentes facturas unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformada polo responsable do contrato e mailo concelleiro da área xestora.

As facturas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ao Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.

Órgano Xestor: LA0005480. Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Unidade Tramitadora: LA0005524. Museos e Salas de Exposicións.

Aos efectos sinalados no artigo 218 do TRLCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

DÉCIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN DOS CONTRATOS.

Ademais de polo seu cumprimento, os contratos poderán extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumplimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ao da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

Contra os actos de preparación e adxudicación deste contrato poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo. As controversias que xurdan en relación cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato se dilucidarán ante o orde xurisdiccional civil.

ANEXO MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACION DA EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE (LOTE1) E DE EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE (EXP.22-2017) declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar,

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional suficiente e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.


Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes. Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

 Concello de Lugo	
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"	
DATOS DO LICITADOR	
NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)	
ENDEREZO:	

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓNS VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE: <input type="checkbox"/> DNI/NIF <input type="checkbox"/> TARXETA <input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE				
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.		<table border="1"> <tr> <td>NÚMERO</td> <td>LETRA</td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	NÚMERO	LETRA		
NÚMERO	LETRA					

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE. REF. 22-2017
DENOMINACIÓN: CONTRATACION DA EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE (LOTE1) E DE EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL “DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA” (LOTE 2) NO CENTRO SOCIOCULTURAL VELLO CÁRCERE

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A: Documentación administrativa. SOBRE B: Oferta económica e suxeita a criterios avaliados automaticamente.
--

Lugo, _____ de _____ de
 A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.”

TERCEIRO.- Nomear coordinador para o seguimento deste contrato ao departamento municipal de cultura, turismo e educación do Concello.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento negociado, de acordo co disposto nos artigos 138, 170 e seguintes do TRLCSP, así como o gasto de 48.884 euros IVE (21%) incluído con cargo á aplicación 33000.22699 do vixente Orzamento Xeral (RC 34036/17)

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CARCERE

Asunto: DECRETO APROBACIÓN CONTRATACIÓN, PREGOS...

QUINTO.- Confiar a execución de cada contrato ás empresas relacionadas a continuación **condicionando estas adxudicacións** á presentación por parte de cada empresa representante da documentación que se esixe na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares

Para o LOTE 1: ASOCIACION PARA LA RECUPERACIÓN DE LA MEMORIA HISTÓRICA (ARMH) con CIF G82871666 por un importe de 20.400 euros máis o 21% de IVE (4.284 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.684 euros. Neste prezo están incluídos os gastos xerais, beneficio industrial e mailo IVE.

LOTE 2: XESCULTURA S.L. con CIF B 94097243 por un importe de 20.000 euros máis o 21% de IVE (4.200 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.200 euros. Neste prezo están incluídos os gastos xerais, beneficio industrial e mailo IVE.

Cúmprase